

# LINGUA E ADMINISTRACION

Nº 2

Abril - Maio / 84

Sae agora á luz este segundo número de Lingua e Administración, orientado na liña traxexada no primeiro e logo de que constatarámos trala saída deste a acollida ben favorable que na opinión pública tivo a nosa iniciativa. Acollida que se plasmou de forma concreta nas comunicacións recibidas ó longo do tempo transcorrido desde a saída do primeiro número por parte de xente da administración, tanto da Comunidade Autónoma como incluso de fóra dela.

A presentación do primeiro número e mais da Asociación nas cidades de Santiago, Vigo, Pontevedra e Lugo permitiunos un achegamento directo á xente que se sentiu atraída pola nosa iniciativa e tamén o irmos creando puntos de contacto de moi diverso tipo que sen dúbida van ser claves de cara ó desenvolvemento do labor emprendido. Foi, neste senso, un revulsivo para nós o contarmos coa presenza de xente da vida pública galega, o que nos permitiu facerlles ver ós responsables das institucións cara onde se orienta a nosa política e cales son os nosos obxectivos e proxectos.

Alí quedou sinalado, e aquí volvémoslo a repetir, que nin a revista nin esta Asociación de funcionarios pretenden crear polémica ou enfrontamentos inútiles con ningún tipo de Institución oficial, antes ben queremos ofrecernos a todo tipo de colaboración sempre que esta sexa desinteresada por ámbalas e desligada de calquera tipo de manipulación ou aproveitamento partidista ou electoralista. Quedou ben reseñado pola nosa banda que partimos da idea de ser unha Asociación destinada a morrer pola propia inercia dos feitos cando estes proben que existe por parte dos poderes públicos un traballo serio e continuado de cara á normalización do noso idioma na vida administrativa. Mentres tanto, e sen ánimo de sermos pretensivos, cremos ter un sitio importante no contexto histórico que o noso país está a vivir, en tanto e en canto tendemos a encher un baleiro que ninguén pode negar que existe.

Desde este segundo número e desde os que continúen, seguiremos levando información, a tódolos que xa son subscritores da nosa revista e ós que se vaian incorporando como tales, de cuestións orientativas no campo da lingua administrativa e no da lexislación referente á mesma. Esperamos seguir coa colaboración de todos para levarmos adiante un proxecto no que todos estamos involucrados.

**Edita: Asociación de funcionarios  
para a normalización lingüística en Galicia.  
Dep. Leg. C-223/84**

## SUMARIO

### O MARCO LEGAL:

- \* A oficialidade do galego: historia e actualidade (II), por X. Enrique Monteagudo (páx. 2).
- \* Evolución da normativa e marco xurídico actual (II), por Xesús Costas Abreu (páx. 3).

### A LINGUAXE ADMINISTRATIVA

- \* A linguaxe administrativa e os niveis de lingua, por X.C.A. e X.G.X. (páx. 4).

### MODELOS DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS

- \* A instancia (II), por Xesús Costas Abreu (páx. 5).

### AS DEPENDENCIAS ADMINISTRATIVAS

- \* A Xunta de Galicia (páx. 6).

### TERMINOLOXÍA

- \* ¿Recaudar, recadar, arrecadar?, por Antón Santamarina (páx. 7).

### CUESTIÓNS DE GRAMÁTICA

- \* Sobre o uso da pasiva e da pasiva con 'se', por Xermán García Cancela (páx. 8).
- \* Grupos cultos: 'regra', 'regular' e derivados, por Carlos Díaz Abreira (páx. 8).

### NOVAS:

- \* Unha sentenza da Audiencia Territorial da Coruña, sobre a redacción no noso idioma da documentación pública municipal, por Xesús Costas Abreu (páx. 9).
- \* Acerca do "Col.loqui sobre Llingua i Administración", por Carlos Díaz Abreira (páx. 12).
- \* "I Xornadas sobre Lingua e Administración"

### CONSELLO DE REDACCION:

Xesús Costas Abreu  
Carlos D. Abreira  
Eduardo H. Fernández Díaz  
Xermán García Cancela  
Antón García Garazo  
Xosé González Martínez  
Francisco X. Pintor Vázquez  
Inés Ruibal Cendón  
Xosé Torres Romar

Dende o século XV ó XIX o galego vese reducido á condición de dialecto, grupo de falas ágrafas que se van distanciando entre si, case sen conciencia da súa unidade e descoñecedoras do seu pasado. Durante toda esta etapa, o bilingüismo diglósico exténdese moi pouco a pouco, de xeito que soamente chega a afectar ós aparatos da alta administración estatal e da xusticia, ó clero e mais ós sectores sociais ben instalados nas cidades. Sen termos feito unha investigación a fondo, coidamos que se pode aplicar a Galicia un modelo idéntico ou semellante ó que dá de Ninyoles (1) para a castelanización de Valéncia, a saber:

**1.- Dirección horizontal e selectiva** (séculos XVI-XVIII): durante esta etapa, a recepción do castelán redúcese unicamente ós sectores sociais máis elevados e integrados no aparato estatal, a aristocracia e a alta clerecía. "Foi un proceso de selección e regulación en que un grupo ben definido miraba de reforza-la súa posición dirixente, de privilexio, adoptando un idioma "sagrado" peculiar, arredándose así da maioría... Salta á vista que o uso do castelán foi para a aristocracia e alta clerecía, nun primeiro momento, unha cuestión

### X. Enrique Monteagudo

de distancia... para o pobo, en cambio, converteríase nunha cuestión de prestixio".

Durante esta etapa prodúcese, polo tanto, unha escisión lingüística ó longo de liñas de clase, pola cal o castelán se reserva como lingua que simboliza un estatus social acomodado, e tamén tódolos usos escritos e "formais" da lingua, mentres o galego pasa a simboliza-la pobreza, a rudeza e a incultura. A esta situación chámasele convencionalmente "bilingüismo diglósico": establece unha relación de dominio entre clases fundada no falso prestixio da lingua dominadora e no mecanismo do "autoodio", que conduce ó desprestixio da lingua dominada, a cal pasa a ser obxecto de múltiples prexuícios por parte dos seus propios falantes.

No século XVIII, a Ilustración significa o comenzo do espertar: a curiosidade científica e a vontade crítica conducen a Sarmiento a impugna-la diglosia: é o primeiro en facelo en Galicia dende a decadencia. A guerra da independencia é un aldabonazo na conciencia galega, pois o Reino de Galicia ten que defenderse pola súa conta da invasión francesa. Aparecen impresos panfletos e proclamas en galego, destinados a incitar ós mozos á guerrilla. A escasa literatura galega da primeira metade do século XIX conservará este carácter combativo, unido case sempre a ideais progresistas. Hai que agarda-la segunda me-

tade do século, fundamentalmente despois de *Cantares Gallegos* (1863), para atopar unha vontade decidida de defensa do idioma en sectores da pequena burguesía intelectual, que lentamente van tomando corpo político no derradeiro do cuarto de século.

**2.- Dirección descendente e espontánea** (séculos XIX e XX): se o proceso de castelanización se detivese no momento anterior, non chegaría a afectar a sectores amplos de poboación, pero a dinámica dos procesos sociais conduciu a que sectores galego-falantes da poboación, que ascendían económica, social ou politicamente, fosen adoptando o castelán como lingua de instalación, e o emprego do castelán se fose xeneralizando por imitación. Segundo a formulación de Ninyoles, o conflito lingüístico desprázase verticalmente. "A imitación tende a diminuí-la distancia... Visto que as clases superiores usaban este idioma (o castelán), a súa adopción por parte dos individuos de niveis inferiores comportaría unha redución psicolóxica daquela distancia... O catalán (no noso caso, o galego) será abandonado porque é o símbolo do estatus que cómpre superar... O castelán confire un estatus dentro da xerarquía social de prestixio. E 'elevarse' na escala económica, semella requirir-la adopción dun idioma 'elevado'."

Os incipientes procesos de urbanización, industrialización e escolarización axudan á expansión do castelán entre as clases baixas, mentres que a emigración masiva a América vai

obrigando a abandonar Galicia a moitos falantes do galego (os emigrantes falan galego) que fundan sociedades galeguistas na América. Con todo, os procesos que favorecen ó castelán non pasan ata despois da Guerra Civil dun estado incipiente, pois nin a urbanización nin a industrialización son rápidas nin intensas, nin a escolarización é, nin de lonxe, xeral. Frústrase o proceso de formación dunha burguesía galega que tome conciencia de clase nacional, sendo o seu lugar ocupado polos industriais cataláns da conserva, os comerciantes maragatos, a burocracia castelá... Así e todo, a sociedade galega da época presenta unha mobilidade moi superior á do Antigo Réxime, caracterizada por un estatismo baseado na liñaxe (relacións de sangue, pertenza a familias nobres,...). Esta mobilidade social tamén favorece ó castelán, pois crea maiores expectativas de ascenso social entre moitos individuos da pequena burguesía.

Mentres, a recuperación escrita do idioma continúa polo folclore e a poesía e o galego vai ocupando novos ámbitos de uso (a prosa literaria, o xornalismo...), pero o impulso definitivo para a súa normalización non chega ata a fundación das 'Irmandades da Fala' (1917), e o seu recoñecemento oficial ata o Estatuto do 36. A formulación da cooficialidade recollida no artigo 4.º do texto republicano do Estatuto é moi ambigua, pois limitase a recoñece-lo dereito ó uso do galego na vida oficial. Esta ambigüidade deriva da escasa conciencia de reivindicación lingüística que aínda había na Galicia de entón, pois a lingua soamente era reivindicada polos sectores politicamente

Esta revista editase  
coa colaboración  
económica do  
Concello de Vigo

Deseño: Víctor Ferreira  
Imprime: Velograf, S.A.

galeguistas, e nin a dereita clerical nin a esquerda obreirista sentían a necesidade da normalización do idioma. Neste senso, pode lembrarse a dificultade que representou a 'imposición' do galego nos debates previos ó Estatuto do 36. Sen embargo, este Estatuto é moi concreto nun punto, máis avanzado cá formulación actual: "Os funcionarios que se designen para actuar na Rexión deberán acreditar coñecementos de lingua galega". No referente ó ensino é un texto moi regresivo. O Estatuto de Galicia foi aprobado en

plebiscito celebrado o 28 de xuño de 1936, a iniciativa do Partido Galeguista (integrado no Frente Popular), e presentado ás Cortes da República o 15 de xullo de 1936. Non chegou a entrar en vigor. Os resultados do plebiscito estatutario do 36 foron, sobre un censo de 1.343.135 electores, 993.351 votos favorables, 6.161 contrarios e 1.451 en branco.

3.- **Imposición coercitiva:** o resultado da Guerra Civil foi enormemente negativo para a lingua galega: os procesos que sinalamos no apartado anterior

(urbanización, industrialización, escolarización) intensifícanse, pero sen ter en conta os intereses e necesidades da sociedade galega. A emigración aumenta. A castelánización de Galicia vese favorecida polo ambiente de coerción social: o galego é perseguido como lingua de cultura, e reducido á intimidade familiar, mentres os prexucios na súa contra son esmagadoramente difundidos na escola e nos medios de comunicación; mentres o castelán é magnificado e imposto como "lingua do Imperio".

As consecuencias deste proceso son desastrosas para a nosa lingua. Delas nos ocuparemos na próxima entrega do meu artigo, que versará sobre a situación actual da nosa lingua e as súas perspectivas de futuro.

(1) Rafael L. NINYOLÉS, *Conflicte Lingüístic Valencià*, 3 i 4, València, 1978 (2.ª edición), páxs. 41 a 66.

## EVOLUCIÓN NA NORMATIVA E MARCO XURÍDICO ACTUAL (II)

Imos nesta segunda entrega ilustrar con párrafos escollidos as dúas primeiras etapas da evolución na normativa posterior á guerra civil no tocante ó idioma que expuxemos no n.º 1 da Revista:

1.- Da primeira fase (represión aberta e brutal) hai moitos exemplos: a Orde do 21 de maio de 1938 sobre cooperativas ("queda terminantemente prohibido el uso de otro idioma que no sea el castellano..."), a Orde do 8 de abril de 1939 sobre hospederías ("asimismo queda prohibido el empleo de términos de idiomas distintos del español..."), a Orde do 20 de maio de 1940 sobre propiedade industrial ("constituidos por palabras extranjeras o pertenecientes a dialectos distintos del idioma castellano que están en pugna con el sentimiento nacional y españolista..."), a Orde do 16 de maio de 1940 sobre prohibición de vocábulos xenéricos extranxeiros en rótulos, anuncios, etc. (así reza no Aranzadi o encabezamento desta norma, á que se remite a de 20 de maio pechando o círculo de morte chovinista-uniformador "non castelán = extranxeiro") que xa no seu limiar fai profesión de fe totalitaria ó dicir que "... por exigencias del respeto que debemos a lo que es entrañablemente nuestro, como el idioma, precisa desarraigar vicios de lenguaje que trascendiendo del ámbito parcialmente incoercible de la vida privada...", o que enlaza co limiar da primeira Orde citada que sentenciaba "...hecho este que no pugna con el respeto que pueda merecer el uso de dialectos en las relaciones familiares privadas..."; e é que hai "puedas" e "parcialmentes" que matan.

2.- A segunda etapa ímola esclarecer coa análise de dúas normas. A primeira é o Decreto 1.433/75, sobre incorporación das linguas nativas ós programas da E.X.B. e Pre-escolar; resulta que segundo este Decreto o ensino (dende logo "voluntario") das linguas nativas (curiosa denominación pois por moito que se mire o diccionario da R.A.E. non se sabe a que se contrapón este calificativo) "tenderá a asegurar el fácil acceso al castellano, lengua nacional y oficial" (¡ah, era iso!) así como a facer posible o coñecemento da outra lingua e o acceso ás súas manifestacións culturais ós alumnos "que lo soliciten".

Obviamente e por se alguén se trabucaba, o artigo segundo acláranos que "la inclusión de una lengua nativa en los programas de los centros no excluye la obligación de introducir en el momento establecido el estudio de un idioma extranjero" (?).

Os profesores, os libros e o material didáctico tiñan que ser oportunamente autorizados polo Ministerio de Educación e Ciencia.

Para impartilo ensino das linguas nativas, había que solicitalo previamente ó M.E.C., "correspondiendo a éste su resolución", e entre outros requisitos, na solicitude había que explica-lo "horario de estas enseñanzas, que deberá establecerse de manera que permita el desarrollo normal de las actividades docentes de todos los alumnos". Se o amable lector intenta sintetizar nunha frase tódalas limitacións contidas neste breve decreto, logrará artellar un bonito xogo de palabras.

A segunda é o Decreto 2.929/75, sobre "regulación del uso de las lenguas regionales españolas por parte de la Administración del Estado y de los organismos, entidades y particulares". Esta flexible e xenerosa norma que se ocupa de todo o contrario do que promete (debería titularse "sobre regulación da prohibición do uso agás en actos culturais, orais e segundo se mire...") empeza compartindo criterios (1) co Decreto 1.433/75: "incorporar las peculiaridades regionales al patrimonio cultural español... respetar y amparar el cultivo de las lenguas regionales, dejando a salvo la importancia trascendental del idioma castellano como lengua oficial".

O artigo primeiro supón un substancial avance (verbal): "las lenguas regionales son patrimonio cultural de la nación española y todas ellas tienen la consideración de lenguas nacionales. Su conocimiento y uso será amparado y protegido por la acción del Estado y demás entidades y corporaciones de derecho público" (obsérvese: 5 meses antes para o mesmo Consello de Ministros a única lingua "nacional" era o castelán, as demais eran "nativas").

O amparo e a protección estatais consistían en:

- podelas utilizar "oralmente" e por escrito nos medios de difusión, "especialmente en los actos y reuniones de carácter cultural".

- podelas utilizar "oralmente" na "vida interna" das entidades locais "salvo en las sesiones plenarias cuando se trate de propostas de asuntos que deban motivar acuerdos u otros actos formales que se consignen en acta, en las que deberá utilizarse el idioma oficial". (Tendo en conta que a orde do día dun pleno se compón de propostas de acordos e rogos e preguntas que tamén se consignan en acta, nos plenos poderíase utiliza-lo galego para se saudaren e despediren entre si os concellais e deputados; ¡voluntariamente, claro!).

- podelas utilizar nas entidades locais "en los actos culturales de cualquier índole" (!).

Desgraciadamente, os artigos 3 e 4 eran un pouco menos protectores; dicían: "El castellano, como idioma oficial de la nación y vehículo de comunicación de todos los españoles, será el usado en todas las actuaciones de los

altos órganos del Estado, Administración Pública, Administración de Justicia, Entidades Locales y demás Corporaciones de derecho público"; "Será asimismo el idioma utilizado en cualesquiera escritos o peticiones que a los mismos se dirijan o que de ellos emanen" e "ningún español podrá ser objeto de discriminación por no conocer o no utilizar una lengua regional". A interpretación desta última cláusula pode facer tolear a máis dun fino xurista, en todo caso no actual estadio das miñas investigacións podo afirmar que ten outra significación ben distinta do dereito humano internacionalmente recoñecido de que ninguén poderá ser discriminado por razón da lingua (nós si daquela).


Xesús Costas Abreu

# Linguaxe administrativa

## A LINGUA XERAL ADMINISTRATIVA E OS NIVEIS DE LINGUA

No centro do esquema sitúase a **lingua xeral** cos seus diferentes niveis (culto, estándar, literario, familiar, vulgar,...). Esta **lingua xeral** é unha "abstracción", é a lingua teoricamente accesible a tódolos membros da comunidade lingüística coas restricións dadas polo medio ambiente, a educación, a cultura xeral, etc., dos falantes.

Arredor da **lingua xeral** están os subsistemas particulares, só accesibles a determinados grupos de individuos da comunidade lingüística: dunha banda as **linguas especiais ou sociolectos**, doutra os **tecnolectos**. Estes subsistemas distínguense da lingua xeral non só polo léxico, senón tamén polos rasgos morfosintácticos e estilísticos propios. O **tecnolecto** está determinado pola materia ou especialidade correspondentes (administración, agricultura, medicina, etc.), mentres que o **sociolecto** está por un grupo social (estudiantes, canteiros, delinquentes, etc.). Finalmente, atendendo ó factor xeográfico, témo-los **dialectos, subdialectos e falas locais**.



No centro, tanto da lingua xeral como dos subsistemas, hai que destaca-la existencia da **lingua estándar**, que vén sendo un nivel de lingua a cabalo entre o moi culto e o popular, e por riba das diferencias dialectais. O **estándar** é a lingua fixada para o ámbito da escritura, do ensino, dos medios de comunicación, etc.

Situados neste punto, é fácil adiviñar cal é o carácter da **linguaxe administrativa**: trátase dunha lingua de especialidade, dun tecnolecto, e como tal estes son algúns rasgos que a caracterizan:

- A "administración" é o contexto da linguaxe administrativa (1.a.)
- A **l.a.** caracterízase polo seu estilo e marco "formal" (en contraposición a usos "informais": familiar, espontánea...).
- A **l.a.** parte do estándar normativo, pero ten características propias de vocabulario e de estilo.
- Na **l.a.** predomina o medio escrito sobre o oral, no sentido técnico, xa que o oral está máis próximo da lingua popular.
- Tendencia á fixación e precisión, debido ó carácter formalista, e á preponderancia do medio escrito.
- Tres estilos dentro da **l.a.**:
  - Un estilo teórico-científico (o que se dá por exemplo na redacción dun informe xurídico dentro das relacións entre administracións).
  - Un estilo teórico-práctico (na redacción dunha instancia).
  - Un estilo de comunicación oral (nas relacións orais entre administrador e cidadán).
- Dentro dos estilos administrativos hai que ter en conta diversos usos: informativos, normativos, resolutivos, etc.
- Carácter "coidado": a **l.a.** está presidida por unhas normas de respecto ou urbanidade, determinadas pola presenza de intereses públicos e privados, debido a estaren reguladas por normas xurídicas, e pola "dependencia" do administrador con respecto ó cidadán (o funcionario cobra dos impostos dos cidadáns e iso esixe unhas contrapartidas).

## A INSTANCIA (II)

A instancia, nas súas diversas variantes, é o mecanismo normal de iniciación do procedemento administrativo (dun expediente para entendermonos) por iniciativa dos interesados, como expresa o artigo 67 da Lei de Procedemento Administrativo: "o procedemento poderase iniciar de oficio ou a instancia de persoa interesada".

Logo, o artigo 68.1 da L.P.A. regula os contidos obrigados da instancia (ver n.º 1 de "L. e A.") que vén constar de tres corpos:

- datos de indentificación do solicitante
- exposición de feitos ou motivos
- solicitude propiamente dita, datación, sinatura e órgano ó que se dirixe.

Dos datos expresados na primeira parte deste estudo, non son rigorosamente imprescindibles (si aconsellables e en moitos casos precisos) o lugar e data de nacemento e a profesión.

A esixencia do D.N.I. deriva do Decreto 357/62, do 22 de febreiro, no seu art.º 4 aptdo. g).

Para a Administración Local especificamente, hai que ter en conta

o regulado na Lei de Réxime Local, artigo 372 ("toda persoa natural ou xurídica domiciliada no término da entidade local e interesada no asunto poderá dirixir peticións ás autoridades e corporacións locais en materia da súa competencia") e seguintes, ademais do artigo 279 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico.

A Administración ten a obriga de tramitar e resolver, se entra dentro das súas competencias, tódalas solicitudes que se lle presenten (arts. 70.1.º e 94 L.P.A., 373 L.R.L. e 280.2 R.O.F.).

O cidadán que presente unha instancia no Rexistro de Entrada de documentación dunha oficina pública, ten que levala "reintegrada" (cos timbres, selos ou taxas que estean establecidos; afortunadamente este requisito vai desaparecendo e parece ser que existe un proxecto de derogalo con carácter xeral, o que sería desexable) e pode esixir que se lle dea un recibo da presentación ou ben que se lle sele unha copia do escrito (é esta unha práctica habitual aconsellable para cómputos de prazos, reclamacións...).

Ás veces e segundo o caso, hai que acompañar (voluntaria ou obrigatoriamente) os documentos (planos, copia de acordos, proxectos de obra, certificacións...) acreditativos do que se expón na instancia; por exemplo, para licencias de obras hai que adxuntar varios exemplares do proxecto de edificación...

Cuando quen asina a solicitude o fai en calidade de representante dunha entidade ou persoa xurídica

ou doutra persoa, hai que facelo constar na instancia e acredita-la representación.

En caso de que na instancia presentada falten datos ou elementos de obrigada inclusión, a Administración ten que requirir ó interesado para que repare en dez días o erro apreciado.

Igualmente, se o órgano ou ente perante o que se presentou a solicitude non se considera competente para resolver, ten que remiti-lo expediente ó órgano competente ou indicarlle ó interesado tal circunstancia resolvendo declara-la incompetencia e notificándoo.

Téñase en conta tamén o previsto nos artigos 66 e seguintes da L.P.A.: todo escrito dirixido á Administración Civil do Estado pode presentarse nos Gobernos Cívís, calquera instancia pode dirixirse a un ente da Administración por correo certificado ou por medio das representacións diplomáticas ou consulares se se está no extranxeiro.

Con esta segunda parte, esperamos completar unha panorámica xeral da instancia, e deixamos para posteriores artigos temas como a súa natureza de acto de trámite, a súa relación co dereito de petición, as especialidades das accións, denuncias... que quedan agora apuntadas; en todo caso, debe quedar claro que facer unha instancia é exercer un dereito, que están de sobra repeticións, obviedades, servilismos, etc., e que a redacción debe se-lo máis sinxela e precisa posible.

*Xesús Costas Abreu*

## correo do lector


Nesta sección pretendemos recolle-las iniciativas dos lectores, ben a través das súas suxerencias sobre a análise de términos, conceptos ou calquera outro tema de interés, ben a través das súas propias colaboracións. Para este cometido poden dirixirse a:

"Lingua e Administración"; Instituto da Lingua Galega; Facultade de Filoloxía; Praza de Mazarelos, Santiago; ou ben ó apartado de correos 114 da mesma cidade.

# as dependencias administrativas

Seguindo na liña do anterior número, reflexamos nesta ocasión a estrutura organizativa da Xunta de Galicia, nas súas distintas Consellerías, insistindo nos dous aspectos que perseguimos nesta sección: por unha banda, a utilidade práctica que pode ter, tanto a nivel de uso interno efectivo coma de aplicación analóxica por parte doutras institucións; e por outra, na conveniencia de unificación no plano lingüístico ante unha certa dispersión actual nas designacións: hai que evitar xa os erros do tipo: Gandeiría, Medio Ambiente, Ordeación, Púbrica, Segredaría, etc., de aparición frecuente.

## A XUNTA



## ¿RECAUDAR, RECADAR, ARRECADAR?

No número 1 de "Lingua e Administración" inclúese un organigrama coas dependencias posibles dun concello. Unha delas, que non falta nin nos concellos máis pequenos, é a encargada de recolle-lo diñeiro das contribucións municipais impostas ós veciños. O cometido desta dependencia é *recadar*; *recadación* é o sustantivo abstracto co que se designa esta dependencia no organigrama.

Ora, *recadar* e a súa familia de palabras, son usadas neste sentido técnico na variante castelá *recaud-*, difundida e favorecida pola administración castelá. Pero a raíz galega era *recad-* ou *arrecad-*. Os textos galegos antigos non rexistran a penas máis variantes ca estas (se ben é verdade que con algunhas acepcións distintas ás modernas): *disseron aa jostiça que o fosse recadar* ('prender') (Cantigas de Santa María); *o que nos mandastes mui ben o per recadei* ('amañei') eu (CSM); *enviaron seus messageiros a demandar a trégoa, e eles, pois que i chegaron, recadaron* ('conseguiron') *ben o por que foron* (Cr. Troiana); *e recadava* ('recibía') *do dito concello dous mil pares de brancas* (Ferro, *Vida e fala dos devanceiros*); *recadar rendas* (frecuente nos documentos).

Outras variantes antigas eran *recabedar* e *recabdar*, que aparecen nos textos máis arcaicos.

A partir do século XV xa se recolle a forma castelá *recaudar* en textos galegos. Pero as formas coa base *recad-* (*recadar*, *arrecadar*), seguen vivas no galego moderno aínda que non no sentido fiscal de 'recoller impostos ou fondos',

senón no máis xenérico de 'recoller, xunta-lo que está disperso': *San Vicente pequeniño/ anda no monte co gando/ e a Virxe de Pastoriza/ ándallo arrecadando*.

Derivado de *recadar* (con resultado *-d-* e non *-ud-*) é tamén unha palabra tan viva como *recado* (e *recadeiro*), que no galego antigo tiña varios sentidos hoxe desaparecidos, próximos ós sentidos de *recadar*; *recado* tamén sobrevive no castelán onde se arredou de *recaudar* polo distanciamento semántico entre as dúas palabras. Outras palabras modernas, derivadas de *recadar*, nas que se mantén tamén a idea de 'recoller' ou 'deter' son *recadel*, *recadén* ou *recadoiro*, referidas a certas pezas do carro ou á parella de abordelo; tamén recollen os dicionarios a palabra *recadádiva* 'colección de obxectos ou materiais (por exemplo para unha investigación)', formada (quizais inventada por algún autor) sobre *recadar* + *dádiva*. Moi coñecida é a palabra *acadar*, da mesma familia etimolóxica.

É sabido que o galego viviu arredado moitos séculos da administración, da ciencia e mesmo da relixión, por iso descoñece ou esqueceu palabras especializadas ligadas a conceptos referidos a aquelas esferas de significado. Darlles nome a estes conceptos é unha das tarefas da planificación lingüística do galego. É un modo de encher estas lagoas

consiste en enriquece-lo vocabulario galego recuperando palabras que foron esquecidas, substituídas por castelanismos, e poñelas de novo en circulación.

Unha desta palabras é *recadar*, que xa na Idade Media chegara a te-lo sentido fiscal moderno. Esta é razón suficiente para recuperármola. Pero neste caso súmase aínda a circunstancia de seguir viva a palabra no galego moderno co sentido de 'recoller, xuntar', que pode conter perfectamente o sentido específico de 'recoller impostos ou fondos'.

Cada unha das razóns serían suficientes por si soa; neste caso acumúlanse. É pois lexítimo que se rehabilite plenamente *recadar* na acepción fiscal mencionada. A raíz *recad-* será tamén a da súa familia léxica: *recadador*, *recadación* ou *recadamento*. A voz *recado*, derivada tamén de *recadar*, ten algunhas acepcións distintas do sentido do verbo (*dar un recado*, 'mandar unha mensaxe'); pero ten outras que están próximas (*pór a recado*, 'recoller, gardar'); por iso podemos seguir considerándoa derivada.

Para mante-la coherencia da familia léxica (con inclusión de *recado*) é polo que preferimo-la raíz *recad-* e non *arrecad-*, que é a que predomina en portugués.

Antón Santamarina

## SOBRE O USO DA PASIVA E DA PASIVA CON 'SE'

Un dos recursos sintácticos cos que conta calquera lingua é a transformación de oracións de 'activa' para 'pasiva', a saber:

- 1.- O Parlamento aprobou os presupostos -----
2. Os presupostos foron aprobados polo Parlamento.

En principio, calquera das dúas posibilidades son perfectamente correctas, aínda que hai que sinalalo uso minoritario da pasiva con respecto á activa, sobre todo a nivel coloquial.

Á parte destas dúas posibilidades non é infrecuente atopar construción con 'se', cando o suxeito non aparece expreso:

- 3.- Aprobáronse os presupostos.

Calquera das tres posibilidades anteriores é perfectamente admisible e correcta.

Non podemos dicir outro tanto dunha construción, empregada ás veces abusivamente, e que consiste en facer construcións con suxeito expreso e ademais coa introdución dun 'se', do tipo:

## GRUPOS CULTOS: "REGRA", "REGULAR", E DERIVADOS

"Os límites da actividade política deben vir impostos por normas, é dicir, por *regras* destinadas a *regula*-las actividades dos homes nas súas relacións mutuas".

Este extracto dun discurso político amósano-la diferenza que queremos salienta: *regra* e *regular*.

A palabra "*regra*" pode designalo instrumento que usamos para trazar liñas rectas. Ten o seu correspondente no verbo "*regrar*", que é consecuentemente "trazar liñas rectas coa axuda de *regra*".

Pero, ó lado deste significado, *regra* tamén ten outros: certo proceso de resolver problemas matemáticos, menstruación... e, para o que aquí nos interesa, o de "norma,

- 4.- Polo Parlamento aprobáronse os presupostos para o ano 1984.

Debe ser evitada esta construción, tanto pola boa corrección no emprego da lingua como pola claridade da mesma, sobre todo se temos en conta que contamos con expresións do tipo 1. ou mesmo 2.

Velaquí algúns exemplos máis destas construcións, coa construción correcta:

—As cantidades transferíranse directamente polo Ministerio á Comunidade Autónoma --- O Ministerio transferirá directamente as cantidades á Comunidade Autónoma; ou —As cantidades serán transferidas directamente polo Ministerio á Comunidade Autónoma.

—Resultando que o expediente se tramitou pola Delegación... --- Resultando que o expediente o tramitou a Delegación...; ou —Resultando que o expediente foi tramitado pola Delegación...

—A citada concesión estará condicionada a que polos titulares das explotacións se suscriba o compromiso de... --- A citada concesión estará condicionada a que os titulares das explotacións suscriban.....

X.G.C.

precepto, lei" (como se deduce do fragmento do encabezamento). Con este senso atopámolo en certas frases feitas, como "ten os papeis *en regra*" ou "*por vía de regra*, poderíanse reestructurar tódolos sectores en crise".

Agora ben, a lingua, para designa-la actividade de establecer *regras* ou normas ou dirixir algún proceso conforme á lei, bota man do neoloxismo "*regular*". A partir de aquí, desta palabra culta, forma unha chea de derivados, e así falaremos de "*regulamento*" como "estatuto, conxunto de normas, *regras* ou *prescricións*, *disposicións* que desenvolve ou instrumenta a aplicación de leis ou decretos...", e das palabras derivadas ou afíns: "*reglamentario*, *reglamentariamente*, *reglamentar*, *reglamentación*, *regulación*", etc., e refugaremos construcións co grupo -gr- ("*regramento*" e similares) como calcos do castelán.

C.D.A.

Subscríbete a

LINGUA E ADMINISTRACION



UNHA SENTENCIA DA AUDIENCIA TERRITORIAL DA CORUÑA SOBRE A REDACCIÓN NO NOSO IDIOMA DA DOCUMENTACIÓN PÚBLICA MUNICIPAL

Xesús Costas Abreu

Con anterioridade á sentenza que comentabamos no n.º 1 da Revista, a mesma Sala do contencioso-administrativo da Audiencia Territorial resolveu sobre un acordo do Concello coruñés, adoptado no Pleno do 29 de maio de 1981, suspendido e impugnado polo Gobernador Civil e que viña a dicir que "toda a documentación, sobre todo a que se refire a anuncios na prensa e bandos da Alcaldía, deberá estar escrita no idioma galego".

Esta iniciativa galeguizadora da anterior Corporación coruñesa (por certo, completamente abandonada pola actual Corporación, por desgracia para todos) levou ó Gobernador Civil a suspender e recorrerlo acordo aprobado, ó abeiro do Real Decreto Lei 3/81 (precedente logo substituído pola Lei 40/81) alegando "infracción manifesta da Lei" e "invasión de competencias propias do Estado" por non ser conforme o acordo ó malfadado Real Decreto 1.111/79.

A defensa do Concello xirou arredor de dous eixes:

1.º) O art. 5.3 do Estatuto de Autonomía de Galicia di que "os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en tódalas ordes da vida pública, cultural e informativa..." e o Concello é un dos poderes públicos de Galicia, polo que está habilitado (de título competencial) e mesmo obrigado a adoptar iniciativas deste tipo.

2.º) O Real Decreto 1.111/79, ademais de non ter rango de Lei, debe entenderse derogado xa que expresamente di no seu limiar que "...parece oportuno adoptar as medidas adecuadas para permitirla utilización das distintas linguas españolas nas actuacións das Corporacións Locais ata que se faga uso da autorización contida no párrafo 2 do artigo 3 da Constitución". Como queira que o artigo 2.3 da Constitución ("as demais linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas Comunidades Autónomas de acordo cos seus Estatutos") remite explicitamente ó Estatuto de Autonomía de Galicia, e este está vixente e nel se fixo uso (artigo 5.º e outros) da "autorización" constitucional para establece-la dobre oficialidade, o R.D. 1.111/79 non ten vixencia no territorio de Galicia.

Polo demais, a defensa do Concello incide tamén (como facía no caso da sentenza considerada no n.º 1 de L. e A.), na necesidade de que as normas limitadoras da autonomía municipal (o R.D. Lei 3/81 e logo a súa sucesora, a Lei 40/81) e establecedoras de procedementos de "tutela" sobre os entes territoriais sexan interpretadas restrictivamente.

En definitiva, o Tribunal resolve pola vía do medio ó non interpretar que o R.D. 1.111/79 estaba derogado, porque o párrafo 3 do artigo 5 do Estatuto

non se desenvolvera (a Lei de Normalización Lingüística é posterior ó acordo recorrido) e xa que logo este rexía supletoriamente tanto por mor do establecido na Disposición Transitoria terceira e mais no artigo 38.2 do Estatuto.

Sen prexuício da nosa discrepancia persoal con esta interpretación, baseada en crer que o Real Decreto 1.111/79 é, ademais de dubidosamente constitucional, materialmente incompatible co artigo 5.º do Estatuto, que consagra a oficialidade do galego e non unha utilización potestativa con innumerables ámbitos excluídos e, en todo caso, obriga de acompañar tradución cando se use por escrito ou oralmente o galego, é de xusticia recoñece-la pondera-

I XORNADAS SOBRE LINGUA E ADMINISTRACIÓN

Dentro dos obxectivos xerais de promover accións que contribúan ó proceso de normalización lingüística nas nosas Administracións, a "Asociación de funcionarios para a normalización lingüística en Galicia", e mailo Instituto da Lingua Galega, coa colaboración da Dirección Xeral de Política Lingüística, organizan para os próximos días 14, 15 e 16 de xuño, as "I Xornadas de Lingua e Administración", que se celebrarán en Santiago de Compostela.

Estas Xornadas, adicadas especialmente ó funcionario galego, contarán coa participación, entre outros, de Miquel Strubell, Xefe do Servicio de Normalización Lingüística da Dirección Xeral de Política Lingüística de Cataluña; Carles Duarte, Xefe da Sección de Estudios de Lingua Catalana e Linguaxe Administrativa da Escola de Administración Pública de Cataluña; J.M. Puig Salellas, notario; Eneko Oregui, Xefe da sección de Euskaldunización da Función Pública do Instituto Vasco de Estudios de Administración Pública; Luciana Calvo Ramos, autora de importantes estudos sobre a linguaxe administrativa castelá. Por parte galega, tamén asistirán diversos ponentes que, en varias mesas redondas, tratarán o problema tanto dende o punto de vista xurídico-administrativo coma socio-lingüístico. Espérase contar así mesmo coa participación de representantes de diversos grupos parlamentarios para aborda-lo tema da aplicación da Lei de Normalización Lingüística.

No acto de clausura está prevista a presenza das máis destacadas personalidades da vida autonómica e local, así como de representantes dos organismos colaboradores e organizadores.

Estas "Xornadas" daranse a coñecer máis extensamente nos próximos días. A elas poderán asistir tódolos funcionarios que o soliciten, previo abono dunha cuota de inscrición por 2.500 ptas. Para maior información poden dirixirse ó Secretario de organización, Xosé González Martínez, ó teléfono 986 - 400 300, ou ben ó apartado de correos n.º 114 de Santiago de Compostela.

ción da sentenza do tribunal, que ergue a suspensión do acordo e só vén modificado no tocante a "escritos dirixidos a autoridades e organismos estatais, a xulgados e tribunais, así como os que se dirixan a autoridades e organismos non pertencentes á Comunidade Galega, así como os anuncios, edictos

ou resolucións que haxan de publicarse no B.O.E. e os referentes a recrutamento e reemprazo" (militares), ademais de establecer que o Libro de Actas do Concello ten que levarse mediante o sistema de dobre columna, o que resulta bastante máis discutible porque, entre outras razóns, sempre se pode ex-

tender certificación da tradución dunha acta sen especiais dificultades e (por exemplo) boa parte dos Concellos cataláns veñen xa hai tempo redactando as súas actas no seu idioma sen problemas.

En todo caso, ben podemos concluír que atendendo ó sentenciado neste

contencioso e xa con anterioridade á Lei de normalización, un Concello podía galeguiza-la súa actividade nun 99% do seu ámbito de funcionamento.

# XORNADAS DE LINGUA E ADMINISTRACION

ASOCIACION DE FUNCIONARIOS PARA  
A NORMALIZACION LINGUISTICA  
EN GALICIA

Instituto da Lingua Galega

14, 15, 16 Xuño 1984

SALON DE ACTOS OBRA SOCIAL DA  
CAIXA DE AFORROS DE GALICIA  
PRAZA SALVADOR PARCA

SANTIAGO DE COMPOSTELA

## PRESENTACION

A finalidade básica destas primeiras Xornadas sobre «Lingua e Administración», sobre a normalización do uso do Galego no seo das Institucións Públicas é a de reunir información, intercambiar experiencias e cualificar persoal (especialmente funcionarios) para acometer dunha vez, racional e operativamente, esta tarefa no noso País.

Para iso, procuramos contar con algunhas (bastantes como se pode ver no apretado programa) das persoas máis coñecedoras, na teoría e na práctica, desta complexa e fundamental cuestión.

Xunto con cada ponente, intervirá un presentador que terá como misión a introducción do tema e a aplicación das teses e experiencias expostas á realidade de Galicia, especialmente nos coloquios que seguirán a cada conferencia.

Tamén programamos —co mesmo obxectivo sinalado— mesas redondas para debater posicións e obter unha visión e unha diagnose máis de conxunto, a presentación e exposición de documentación e materiais de traballo e actividades paralelas máis de lecer pero non menos interesantes.

Cos materiais resultado destas Xornadas e coas ponencias que se nos permitan, elaboraremos unha publicación que poida servir, para asistentes e non asistentes, como base para novos traballos.

Gracias pola túa atención, contamos coa túa presenza.

# PROGRAMA

## Xoves, 14 de xuño

As 12 h. Recepción no lugar de celebración das Xornadas: Salón de Actos da Obra Social da Caixa de Aforros de Galicia, Praza de Salvador Parga, 1, Santiago.

As 13 h. Acolida ós participantes na Casa do Concello (Pazo de Raxoi).

As 16 h. «Formación dos funcionarios e normalización lingüística»

Ponente: Eneko Oregui Goñi, Xefe de Euskaldunización, Instituto Vasco de Administración Pública.

Presenta e modera: Xosé Antón García Cotarelo, Secretario Xeral Técnico da Consellería da Presidencia, Xunta de Galicia.

As 18 h. «O proceso de normalización lingüística nas Administracións Públicas de Cataluña»

Ponente: Miquel Strubell i Trueta, Xefe do Servizo de Normalización, Dirección Xeral de Política Lingüística da Generalitat.

Presenta e modera: Antón Santamarina, Catedrático de Filoloxía Románica, Universidade Galega.

## Venres, 15 de xuño

As 9,30 h. «O Réxime Constitucional, Estatutario e Normativo das linguas nacionais»

Ponente: Josep M.ª Puig i Salellas, Notario.

Presenta e modera: César Cunqueiro González-Seco, Notario.

As 12 h. «A creación dunha linguaxe administrativa moderna, a experiencia catalana»

Ponente: Carles Duarte i Montserrat, Xefe da Sección de Catalán da Escola de Administración Pública de Cataluña.

Presenta e modera: Constantino García González, Catedrático de Filoloxía Románica, Univ. de Santiago.

As 16 h. «Características e evolución da linguaxe administrativa castelán»

Ponente: Luciana Calvo Ramos, funcionaria do Ministerio de Educación, autora de «El lenguaje administrativo».

Presenta e modera: Enrique Monteagudo Romero, Prof. da Facultade de Filoloxía, Univ. de Santiago.

As 18 h. Mesa redonda cos grupos parlamentarios que interviñeron na elaboración da lei de normalización lingüística.

Presenta e modera: Xesús M. Costas Abrou, Funcionario do Concello de Vigo.

## Sábado, 16 de xuño

As 9,30 h. «O uso das linguas nacionais na Administración de Xusticia»

Ponente: Cesáreo Rodríguez Aguilera, Presidente da Audiencia Territorial de Cataluña.

Presenta e modera: Claudio Movilla Alvarez, Maxistrado da Audiencia Territorial da Coruña.

As 11,30 h. Mesa redonda sobre a situación socio-lingüística de Galicia.

Interven: Xosé Pérez Vilarino (Catedrático de Socioloxía), M.ª Rosario Alvarez Blanco (Lingüística), Luis Alvarez Pousa (Director Xeral de Cultura), Xosé González Martínez (funcionario do Concello de Redondela), Gonzalo de la Hueriga Fidalgo (Maxistrado da Audiencia Territorial da Coruña), Francisco Cerviño González (Director da Residencia Sanitaria «Juan Canalejo» da Coruña).

Presenta e modera: Xermán García Cancela, traductor do Diario Oficial de Galicia.

As 13,30 h. Acto de clausura e conclusións finais coa asistencia dos Sres. Presidente da Xunta, do Parlamento, Alcalde de Santiago, Directora Xeral de Política Lingüística, Director do Instituto da Lingua, e outras personalidades.

### FOLLA DE INSCRIPCION NAS «I XORNADAS DE LINGUA E ADMINISTRACION»

Santiago de Compostela, 14, 15 e 16 de xuño de 1984

Nome ..... Profesión .....

Lugar de traballo ..... Teléfono ..... Enderezo .....

..... Localidade ..... Teléfono .....

Fago efectiva a matriculación nas «Xornadas» (2.500 Ptas.) mediante:

Talón nominativo a «Lingua e Administración»-ILG. Praza de Mazarelos. Santiago.

Transferencia bancaria á c/c núm. 9294-3 da Caixa de Aforros de Galicia, o.p., Santiago.

Para calquera información ou consulta adicional, pode dirixirse ó Instituto da Lingua Galega. Praza de Mazarelos, Santiago, ou chamar ós teléfonos (986) 40 03 00 ou (981) 56 52 83.

Encha este cupón ou unha copia do mesmo e remítalo a «Lingua e Administración». Instituto da Lingua Galega. Praza de Mazarelos. Santiago de Compostela.

Celebrouse en Barcelona, entre os días 3 e 7 do mes de outubro, organizado pola Escola d'Administració Pública de Catalunya. As distintas ponencias e táboas redondas xiraron ó redor, fundamentalmente, de tres grandes eixes:

1) Os temas de carácter xeral, con especial incidencia no marco e problemática xurídico-legal que posibilita e comporta o acceso das linguas "minoritarias" ó ámbito da Administración, maila caracterización e análise, desde unha óptica eminentemente lingüística, dos problemas que acarrexan a linguaxe administrativa (en xeral ou algunha en particular).

2) A situación das diversas linguas do Estado español na Administración: cas-

telán, euskera, galego, catalán (nos ámbitos do Principado, País Valenciano e as Illas Baleares) e, en menor medida, aranés e aragonés (a representación bable non puido asistir).

3) A situación noutros Estados que presentan, ó igual có español, diversos ou semellantes problemas relativos a conflitos lingüísticos: Suíza (retorrománico), Bélxica (flamenco), Francia (occitano), Canadá (francés), e fronteira xermano-danesa (danés).

Como denominador común, ofreceuse unha breve visión histórica da problemática lingüística e sociolóxica dos diferentes Estados e Nacionalidades. Igualmente, examinouse o marco xurídico —normas constitucionais e leis e disposicións importantes— que rexe en materia lingüística e que sustenta o proceso normalizador, salientando os seus principais fitos e relacionando os diversos organismos e institucións, cos seus medios, programas e obxectivos, que traballan nesta empresa. Revisouse tamén a situación na práctica das diferentes Administracións e, ocasionalmente, remitiuse á problemática noutros ámbitos de uso (ensino,

medios de comunicación...).

Na consideración unánime da necesidade e proveito que este tipo de contactos poidan ter de agora en diante, os ponentes e asistentes a este Coloquio acordaron, finalmente, como chamada de atención á opinión pública en xeral e, moi particularmente, ós poderes públicos, difundilo seguinte comunicado:

**Primeiro.**— Consta a situación de marxinación do uso administrativo a que están sometidos en diferentes grados as diversas linguas oficiais do Estado español distintas do castelán, marxinación que é aínda máis grave nos casos en que non existe tal oficialidade.

**Segundo.**— Sinala-la necesidade de desenvolver e aplicar-la lexislación vixente en materia lingüística a partir de criterios de xusticia e de efectiva normalización do uso das citadas linguas.

**Terceiro.**— Facer un chamado ás Institucións implicadas para que se arbitren as medidas necesarias que garantan o real cumprimento destes obxectivos.

**Cuarto.**— Instar a tódalas Administracións e Institucións Públicas para que se poñan en coñecemento dos cidadáns os seus dereitos en materia lingüística, co obxecto de que poidan ser efectivamente exercitados.

**Quinto.**— Demandar das Institucións que se faciliten os medios e instrumentos axeitados para a elaboración, fixación e difusión das respectivas linguaxes administrativas.

C.D.A.

LINGUA E ADMINISTRACIÓN

Apartado de correos 114

SANTIAGO DE COMPOSTELA

ou ben:

Instituto da Lingua Galega

Facultade de Filoloxía

Praza de Mazarelos

Santiago